

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de xuño de 2014

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dezasete de xuño de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(612).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(613).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DE DIVERSAS RÚAS DO NÚCLEO URBANO DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 2021/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.06.14, o informe de fiscalización do 16.06.14, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, do 13.06.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Con data 10 de decembro de 2013 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adxudicación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme de en diversas rúa do casco urbano, á empresa MISTURAS.A.

Con data 18 de decembro de 2013 foi asinado o contrato de obra.

Con data 23 de decembro de 2013 levantouse acta de comprobación de replanteo, indicándolle ao contratista o non inicio das obras, debido a que as inclemencias metereolóxicas non permitían a execución das mesmas.

Con data 18 de marzo de 2014 notificouse ao contratista que podía iniciar a execución das obras, comezando nesa data o prazo de execución das mesmas contemplado no contrato, por un prazo de 3 meses, que finalizará o próximo 18 de xuño.

Con data 4 de xuño de 2014 o adxudicatario presenta solicitude de ampliación do prazo, debido a que as obras sufriron interrupcións sucesivas motivadas polas inclemencias metereolóxicas.

Quen subscribe, en calidade de Director Facultativo das obras, expón:

Que é certo que dende o intre no que se notificou o inicio das obras, estas sufriron interrupcións sucesivas debido ás chuvias acaecidas dende entón ata agora.

Que as obras de reforzo de firme no que ao estendido de aglomerado se refire, foron concluídas o pasado 24 de maio dentro do prazo que finaliza o próximo día 18 de xuño.

Que queda pendente de execución unicamente o recrecido das tapas de rexistro de servizos municipais, que quedaron cubertos polo aglomerado estendido.

Que compañías de servizos non municipais contrataron á mesma empresa o recrecido das tapas dos rexistros das súas instalacións. Esta medida ocasiona menos molestias aos cidadáns, evitando que tralo recrecido das tapas de rexistro de servizos municipais, viñeran outras empresas recrecendo as tapas de rexistros de outros servizos. Tal medida retrasa, sen dúbida a execución das obras contratadas a esta empresa.

O artigo 213 da LCSP, no seu apartado 2, establece que se o retraso na execución do contrato fora producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir as súas obrigas dándolle prórroga do tempo que se lle tiña sinalado, se lle concederá pola Administración un prazo que será polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedira outro menor.

No caso que nos ocupa, estímase que o tempo efectivo no que as obras non puideron executarse estímase entre catro e cinco semanas. Dado que as paradas e reinicio das obras provocan retrasos superiores aos tempos en que as obras non poden executarse, polo que se estima o prazo de prórroga a outorgar de seis semanas.

Entendendo que procede, polo anteriormente exposto, acceder á solicitude realizada por MISTURAS S.A., por un período de tempo inferior ao solicitado, debendo finalizar as obras antes do 31 de xullo.

Sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Ampliar o prazo de execución das obras de reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas do núcleo urbano do termo municipal, adxudicadas á empresa MISTURAS S.A., ata o día 31 de xullo do presente exercicio.

SEGUNDO: Notificar á empresa adxudicataria o presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(614).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DE DIVERSAS RÚAS NAS PARROQUIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO, LOTE 2. EXPTE. 1950/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.06.14, o informe de fiscalización do 16.06.14, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, do 4.06.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Con data 29 de novembro de 2013 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adxudicación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme de diversas rúas nas parroquias do termo municipal de Vigo, lote 2, á empresa ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L.

Con data 4 de decembro de 2013 foi asinado o contrato de obra.

Con data 10 de decembro de 2013 levantouse acta de comprobación de replanteo, indicándolle ao contratista o non inicio das obras, debido a que as inclemencias metereolóxicas non permitían a execución das mesmas.

Con data 18 de marzo de 2014 notificouse ao contratista que podía iniciar a execución das obras, comezando nesa data o prazo de execución das mesmas contemplado no contrato, por un prazo de 3 meses, que finalizará o próximo 18 de xuño.

Con data 2 de xuño de 2014 o adxudicatario presenta solicitude de ampliación do prazo, debido a que as obras sufriron interrupcións sucesivas motivadas polas inclemencias metereolóxicas.

Quen subscribe, en calidade de Director Facultativo das obras, expón:

Que é certo que dende o intre no que se notificou o inicio das obras, estas sufriron interrupcións sucesivas debido ás chuvias acaecidas dende entón ata agora.

Que as obras de reforzo de firme no que ao estendido de aglomerado se refire, foron concluídas o pasado 24 de maio dentro do prazo que finaliza o próximo día 18 de xuño.

Que queda pendente de execución unicamente o recrecido das tapas de rexistro de servizos municipais, que quedaron cubertos polo aglomerado estendido.

Que compañías de servizos non municipais contrataron á mesma empresa o recrecido das tapas dos rexistros das súas instalacións. Esta medida ocasiona menos molestias aos cidadáns, evitando que tralo recrecido das tapas de rexistro de servizos municipais, viñeran outras

empresas recrecendo as tapas de rexistros de outros servizos. Tal medida retrasa, sen dúbida a execución das obras contratadas a esta empresa.

O artigo 213 da LCSP, no seu apartado 2, establece que se o retraso na execución do contrato fora producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir as súas obrigas dándolle prórroga do tempo que se lle tiña sinalado, se lle concederá pola Administración un prazo que será polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedira outro menor.

No caso que nos ocupa, estímase que o tempo efectivo no que as obras non puideron executarse estímase entre catro e cinco semanas. Dado que as paradas e reinicio das obras provocan retrasos superiores aos tempos en que as obras non poden executarse, polo que se estima o prazo de prórroga a outorgar de seis semanas.

Entendendo que procede, polo anteriormente exposto, acceder á solicitude realizada por ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L., por un período de tempo inferior ao solicitado, debendo finalizar as obras antes do 31 de xullo.

Sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Ampliar o prazo de execución das obras de reforzo da capa de rodadura do firme de diversas rúas nas parroquias do termo municipal de Vigo, lote 2, adxudicadas á empresa ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L., ata o día 31 de xullo do presente exercicio.

SEGUNDO: Notificar á empresa adxudicataria o presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.